

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

8626 *Corrección de erros do Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia.*

Advertidos erros no Real decreto lei 6/2011, do 13 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados polos movementos sísmicos acaecidos o 11 de maio de 2011 en Lorca, Murcia, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 115, do 14 de maio de 2011, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 6, punto terceiro do artigo 12, beneficios fiscais, onde di: «3. A exención das cotas nos tributos sinalados no número anterior comprenderá a das recargas legalmente autorizadas sobre aquel», debe dicir: «3. A exención e redución das cotas nos tributos sinalados nos números anteriores comprenderán a das recargas legalmente autorizadas sobre aqueles.».

Na páxina 6, punto cuarto do artigo 12, beneficios fiscais, onde di: «4. Os contribuíntes que, tendo dereito á exención establecida neste artigo,...», debe dicir: «4. Os contribuíntes que, tendo dereito aos beneficios establecidos nos números anteriores deste artigo,...».

Na páxina 6, artigo 12, beneficios fiscais, debe engadirse un número 8, co seguinte contido:

«8. Estarán exentas do imposto sobre a renda das persoas físicas as axudas excepcionais por danos persoais a que se refire o artigo 2.»

Na páxina 6, artigo 13, reducións fiscais especiais para as actividades agrarias:

Na primeira e segunda liñas, onde di: «Para as explotacións e actividades agrarias, localizadas no artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1 do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido», debe dicir: «Para as explotacións e actividades agrarias localizadas no ámbito de aplicación a que se refire o artigo 1 deste real decreto lei, e conforme as previsións contidas no número 4.1.º do artigo 37 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido».

Na sétima liña, onde di: «Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño», debe dicir: «Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño».

Na sétima liña e seguintes, onde di: «Orde EHA/1034/2011, do 25 de abril, pola que se reducen para o período impositivo 2010 os índices de rendemento neto e o índice corrector por pensos adquiridos a terceiros aplicables no método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas para as actividades agrícolas e gandeiras afectadas por diversas circunstancias excepcionais.», debe dicir: «Orde EHA/3063/2010, do 25 de novembro, pola que se desenvolven para o ano 2011 o método de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas e o réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido.».

Na páxina 7, no artigo 14.3, na primeira liña, onde di: «A Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorízalles», debe dicir: «A Tesouraría Xeral da Seguridade Social autorizaralles».